

# NAVANTIA ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

Navantia acollerá o mércores 17 e o xoves 18 de xuño unha nova visita das unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). A unidade móbil, que estará estacionada este mércores diante da oficina técnica, atenderá aos traballadores e traballadoras que desexen doar das 09:30 ás 14:30 horas. Ademais, os traballadores e traballadoras de Navantia-Fene poderán acudir a doar ata a unidade móbil diante dos servizos médicos das 09:30 ás 14:30 do xoves 18 de xuño.

ADOS comezou a desenvolver campañas de doazón en Navantia desde o ano 1994 e acumula un total de 1.236 doazóns de sangue. Desde a Axencia agradecer á dirección da empresa a súa colaboración no desenvolvemento das campañas de doazón, agradecemento que fai extensivo a todas as persoas que doan sangue nas visitas das unidades móbiles en Navantia.